

V

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2017)

NECROLÓXICAS:

XOHANA TORRES / Helena Gómez



A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2017)

Dende o 20 de abril de 2013 ata o 17 de marzo de 2017, a Comisión Executiva da Real Academia Galega estivo formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Xesús Alonso Montero
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiteira-Bibliotecaria: D.^a Margarita Ledo Andión
- Tesoureira: D.^a Rosario Álvarez Blanco

A partir do 28 de marzo de 2017 a Comisión Executiva pasou a estar formada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretario: D. Xosé Henrique Monteagudo Romero
- Vicesecretario: D. Andrés Torres Queiruga
- Arquiteira-Bibliotecaria: D.^a Fina Casalderrey
- Tesoureira: D.^a Marilar Aleixandre

Relación dos actuais académicos numerarios

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992.
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excma. Sra. D.^a Luz Pozo Garza. Ingreso: 29 de novembro de 1996.
7. Excmo. Sr. D. Xosé Ramón Barreiro Fernández.
Ingreso: 14 de febreiro de 1997.
8. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande. Ingreso: 3 de xullo de 1998.
9. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
10. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
11. Excmo. Sr. D. Andrés Fernández-Albalat Lois. Ingreso: 28 de maio de 1999.
12. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
13. Excma. Sra. D.^a Xohana Torres Fernández. Ingreso: 27 de outubro de 2001.
Faleceu o 12 de setembro de 2017.

14. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
15. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
16. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
17. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
18. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
19. Excmo. Sr. D. Darío Xohán Cabana Yanes. Ingreso: 22 de abril de 2006.
20. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
21. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
22. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
23. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
24. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
25. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.
26. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
27. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
28. Excma. Sra. D.^a Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
29. Excma. Sra. D.^a M.^a Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.

Relación dos actuais académicos de honra

1. Excmo. Sr. D. Giuseppe Tavani. Ingreso: 22 de maio de 2004.
2. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
3. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera. Ingreso: 21 de abril de 2012.
4. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
5. Excma. Sra. D.^a Giulia Lanciani. Ingreso: 7 de marzo de 2014.
6. Excma. Sra. D.^a Nélida Piñon. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
7. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
8. Excma. Sra. D.^a Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.

Relación dos actuais académicos correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. José Ignacio Carro Otero. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
3. Ilmo. Sr. D. Xosé López Calo. Ingreso: 22 de outubro de 1967.
4. Ilmo. Sr. D. Carlos Compairé Fernández. Ingreso: 10 de marzo de 1968.
5. Ilmo. Sr. D. Daniel D. Vidart. Ingreso: 5 de xullo de 1970.
6. Ilmo. Sr. D. Manuel Carlos García Martínez. Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
7. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.

8. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
9. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
10. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
11. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
12. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
14. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
15. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
16. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
17. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
18. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
19. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
20. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
21. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
22. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
23. Ilma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
26. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
27. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
28. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
29. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
30. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
31. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
32. Ilmo. Sr. D. Nicandro Ares Vázquez. Ingreso: 22 de abril de 2006.
Faleceu o 22 de xullo de 2017.
33. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
34. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
35. Ilmo. Sr. D. Víctor Campio Pereira González.
Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
36. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
37. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
38. Ilma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.

39. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
40. Ilmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
41. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
42. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
43. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
44. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
45. Ilma. Sra. D.^a Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
46. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
47. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
48. Ilma. Sra. D.^a Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
49. Ilma. Sra. D.^a María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
50. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
51. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.
52. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
53. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
Ingreso: 16 de decembro de 2016.
54. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
55. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
56. Ilma. Sra. D.^a Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
57. Ilma. Sra. D.^a Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
58. Ilma. Sra. D.^a Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
59. Ilma. Sra. D.^a Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
60. Ilma. Sra. D.^a Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2017)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2017, nas seguintes datas:

Xunta ordinaria

- 17 de marzo de 2017.
- 17 de xuño de 2017.
- 6 de outubro de 2017.
- 15 de decembro de 2017.

Xunta extraordinaria

- 14 de xaneiro de 2017. Recepción de Marilar Aleixandre como académica numeraria.
- 28 de marzo de 2017. Elección de Víctor Fernández Freixanes como Presidente e nova comisión executiva.
- 17 de maio de 2017. Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares.
- 23 de setembro de 2017. Recepción de Chus Pato como académica numeraria.
- 2 de decembro de 2017. Recepción de Marina Mayoral como académica de honra.

INGRESO DE ACADÉMICAS

DE NÚMERO:



Excma. Sra. D.ª Marilar Aleixandre

Lugar e data de ingreso: Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela. 14 de xaneiro de 2017.

Título do discurso: *Voces termando da paisaxe galega.*

Resposta da Excma. Sra. D.ª Fina Casalderrey.

Retrato de Marilar Aleixandre.
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



Excma. Sra. D.ª Chus Pato

Lugar e data de ingreso: Paraninfo do IES Otero Pedrayo de Ourense. 23 de setembro de 2017.

Título do discurso: *Baixo o límite.*

Resposta do Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei.

Retrato de Chus Pato.
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

DE HONRA:



Excma. Sra. D.ª Marina Mayoral

Lugar e data de ingreso: Salón de actos da Real Academia Galega. 2 de decembro de 2017.

Título do discurso: *Por que Murguía destruíu as cartas de Rosalía?*

Resposta do Excmo. Sr. D. Xosé Luís Franco Grande.

Retrato de Marina Mayoral.
Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2017

O Día das Letras Galegas de 2017 dedicouse a Carlos Casares (Ourense, 1941 - Vigo, 2002). A elección do escritor como personalidade literaria a quen se dedicou o 17 de maio de 2017 tivo lugar no plenario ordinario celebrado pola corporación o 9 de xullo de 2016.

Narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, Carlos Casares Mouriño é unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX. Prosista en distintos xéneros, o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual constitúen os trazos máis característicos do seu estilo narrativo e ensaístico, que lle reportou un gran recoñecemento do público e da crítica.

Alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso inequívoco coa lingua galega.

A Real Academia Galega considera que a calidade, a vocación abertamente comunicativa e o carácter variado da súa obra, que incluíu a literatura infantil, o xornalismo e o ensaio, converten a Carlos Casares nun escritor especialmente idóneo para protagonizar a celebración das Letras Galegas de 2017.

Carlos Casares naceu en 1941 en Ourense e desde os 3 anos pasou a súa infancia en Xinzo de Limia. A súa vocación literaria empezou a se manifestar na adolescencia, cando gañou un premio que lle permitiu coñecer a Vicente Risco. Xa na etapa universitaria, na que se especializou en Filoloxía Románica en Santiago de Compostela, entrou en contacto co núcleo da cultura galega antifranquista mentres continuaba a cultivar o seu perfil literario. En 1967 publicou a súa primeira obra, o libro de relatos *Vento ferido*, dentro da colección Illa Nova de Galaxia, e pouco despois converteuse nun pioneiro da literatura infantil en galego: en 1968 gañou co relato *A galiña azul* o I Concurso de Contos Infantís da Asociación Cultural O Facho e en 1973 o I Concurso de Teatro Infantil da mesma entidade con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.



Fot.: Xosé Castro

En 1975, *Xoguetes para un tempo prohibido* reportoulle o Premio Galaxia e o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios. Casares era nesa altura unha das voces emerxentes máis renovadoras e significativas da nosa narrativa, recoñecida en 1978 co seu ingreso na Real Academia Galega, onde foi o membro de número máis novo.


Nos anos da transición e do comezo da democracia, participou activamente na reivindicación autonómica e como parlamentario independente nas listas do PSdeG-PSOE traballou arreo para sacar adiante a Lei de Normalización Lingüística (1983). Rematada a primeira lexislatura da autonomía, centrou o seu traballo no eido cultural como director da editorial Galaxia (1986-2002) e da revista *Grial* (1988-2002) e, máis adiante, tamén como presidente do Consello da Cultura Galega (1996-2002).

Malia os seus múltiples compromisos, Casares non abandonou nunca a escrita e seguiu a publicar obras con moi boa acollida do público, como a colección de relatos *Os escuros soños de Clío* (1979), as novelas *Ilustrísima*, Premio da Crítica Galega de 1982; *Os mortos daquel verán* (1987), Premio Antón Losada Diéguez; e *Deus sentado nun sillón azul* (1996), Premio da Crítica Española de 1997 e finalista do Premio Nacional de Narrativa de 1998; ou *O sol de verán*, publicada postumamente en 2002 e Premio da Crítica dese ano.

Cómpre así mesmo salientar o seu labor como articulista en distintas cabeceiras, que chegou a contar cun amplísimo e fiel público e foi merecente dunha morea de distincións, entre eles os premios Fernández Latorre (1993) e Julio Camba (1995), e xa a título póstumo o Roberto Blanco Torres (2002).

SESIÓN ACADÉMICA

A sesión extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio tivo lugar no Salón de Plenos do Concello de Xinzo de Limia ás 11:30 horas, segundo o seguinte programa:



Sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega, coa intervención dos Excmos. Sres. Académicos:

- D.^a Fina Casalderrey
- D. Henrique Monteagudo
- D. Xesús Alonso Montero

Pechou o acto o Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega:

- D. Víctor Fernández Freixanes



Fina Casalderrey, Henrique Monteagudo e Xesús Alonso Montero durante as súas intervencións. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.



Foto de familia dos membros do plenario da Real Academia Galega tras a sesión. Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.




Caravana de Harley's en Xinzo de Limia, para homenaxear a Carlos Casares. Xosé Castro (fotógrafo).
Real Academia Galega.

SIMPOSIO CARLOS CASARES

Como peche do ano dedicado a Carlos Casares a Real Academia Galega, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, organizou o Simposio Carlos Casares, que se desenvolveu no salón de actos da institución os días 21, 22 e 23 de novembro de 2017.

O comité organizador, formado por Marilar Aleixandre, Henrique Monteagudo e Andrés Torres Queiruga, preparou un programa que afondou en distintos aspectos da narrativa, o ensaio e o articulismo que cultivou o autor, facendo fincapé tanto nas características da súa escrita como nas súas reflexións sobre como debía ser esta.



O simposio, que se desenvolveu en tres xornadas de tarde (de 17:00 a 21:00 horas), afondou, a través das disertacións de especialistas, na personalidade e na obra literaria de Carlos Casares. Especial atención prestouse á súa formación literaria, ás influencias e aos distintos xéneros que cultivou: novela, relato, literatura infantil e xuvenil e xornalismo literario, tanto desde o punto de vista da historia literaria de Galicia como desde o punto de vista da crítica literaria e da recepción do público.

Destinado principalmente ao profesorado de lingua e literatura galegas dos distintos ciclos e niveis, desde a secundaria obrigatoria e o bacharelato, ata o estudiantado universitario, estivo aberto ao público en xeral.

As xornadas do simposio desenvolvéronse segundo o seguinte programa:

Día 21 de novembro de 2017

17:00 Inauguración

17:15 Conferencia inaugural

“Carlos Casares en Compostela: formación, compromiso e manifestación”. Arcadio López-Casanova

18:30 Mesa redonda. Na procura de novos lectores

“Carlos Casares e o moralismo equidistante”. Manuel Forcadela

“Enxeñar un mundo posible: Casares e a reinvención da LIX (1986-2002)”. Montse Pena

“Carlos Casares e a cortesía co lector”. Gonzalo Navaza

Modera: Fina Casalderrey



Un momento da conferencia de Arcadio López-Casanova. Na mesa, ademais, Håkan Casares, Víctor F. Freixanes e Valentín García. Real Academia Galega.



Pola esquerda, Manuel Forcadela, Montse Pena, Fina Casalderrey e Gonzalo Navaza durante a mesa redonda. Real Academia Galega.

Día 22 de novembro de 2017

17:00 Conferencia

“Polos buracos da memoria”. Francisco Xavier Carro Rosende

18:30 Mesa redonda. Casares de onte a hoxe

“Carlos o fabulador e a fábula de Casares”. Marilar Aleixandre

“O difícil xogo das transparencias”. Antón Riveiro Coello

“Carlos Casares, todo era verdade”. Francisco Castro

“A escrita de Carlos Casares: unha poética da descrición literaria”.

María López Sández

Modera: Henrique Monteagudo

Pola esquerda, Antón Riveiro Coello, María López Sández, Henrique Monteagudo, Francisco Castro e Marilar Aleixandre. Real Academia Galega.



Día 23 de novembro de 2017

17:00 Mesa redonda. Articulista, ensaísta, lector

“Casares e o vento de Clío: ficción, historia e metahistoria”.

Álex Alonso

“Carlos Casares: a vida como escritura”. Ramón Loureiro

“Mulleres, feminismo e igualdade no Casares xornalista”.

Inma López Silva

Modera: Xosé Manuel Pereiro

Un momento da mesa redonda. Pola esquerda, Ramón Loureiro, Xosé Manuel Pereiro, Álex Alonso e Inma López Silva. Real Academia Galega.



19:30 Conferencia de clausura

“Carlos Casares, a sedución da palabra”. Víctor Fernández Freixanes



Víctor F. Freixanes, acompañado de Henrique Monteagudo, durante a conferencia de clausura. Real Academia Galega.

PRIMAVERA DAS LETRAS DEDICADA A CARLOS CASARES

A biblioteca do CEIP Carlos Casares de Nigrán, capitaneada pola galiña azul que lle deu nome en 1968 ao seu primeiro libro infantil, acolleu o 21 de febreiro a presentación do proxecto web Primavera das Letras dedicado a Carlos Casares. A través deste portal, <http://primaveradasletras.gal/>, o profesorado de infantil e primaria, os pais e nais e o propio alumnado poden acceder a propostas didácticas e lúdicas, parte delas interactivas, para se mergullar no universo literario e vital do escritor.



Dentro deste proxecto, este ano púxose en marcha o concurso *Contádenos o voso Día das Letras* para difundir e premiar as iniciativas escolares arredor da celebración do 17 de maio.

Nesta primeira edición de *Contádenos o voso Día das Letras* participaron preto de oitenta centros de infantil e primaria de todo o país con traballos que son boa proba da implicación e do bo facer do profesorado.

A entrega de premios aos centros tivo lugar no salón de actos da Academia o 24 de outubro nun acto conducido por Fina Casalderrey e no que participou unha representación do alumnado e do profesorado dos centros premiados:

CRA Amencer – Ribadavia

(sedes en San Paio de Ventosela, San Cristovo e Francelos)

CEIP do Carballal – O Carballal, Marín

CEIP Carlos Casares – Vilariño, Nigrán

CEIP Plurilingüe Os Casais – Maniños, Fene

CEIP Antonio Fernández López – Oural, Sarria

Membros da RAG, o alumnado, o profesorado dos cinco colexios premiados e os representantes de Galaxia e Bolanda acompañados do Bolechas Braulio. Real Academia Galega.



HOMENAXE A SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO

O 1 de febreiro a Academia, en colaboración coa Irmandade Xurídica Galega, rendeu unha homenaxe ao académico, xurista e escritor Sebastián Martínez-Risco co gallo dos corenta anos do seu pasamento. Nas distintas intervencións recordouse



o impulso que lle deu a esta institución como presidente (1960-1977), promovendo a entrada das figuras máis importantes da cultura galega e de xente nova ou apoiando a posta en marcha do Día das Letras Galegas. O seu compromiso coa terra e a lingua como xuíz e avogado en tempos complexos e a súa relación co galeguismo exterior foron outros dos perfís destacados do homenaxeado.



Na mesa, pola esquerda, Xosé Luís Franco Grande, Consuelo Castro Rei, Xesús Alonso Montero, Isabel Risco e Xosé Ramón Freixeiro Mato. Real Academia Galega.

No acto interviñeron Xosé Ramón Freixeiro Mato, biógrafo de Sebastián Martínez-Risco e profesor da Universidade da Coruña; Consuelo Castro Rei, membro da Irmandade Xurídica Galega e avogada do Estado; a actriz Isabel Risco, neta do académico; o membro de número da Academia Xosé Luís Franco Grande, formado como pasante no despacho de Martínez-Risco; e o presidente Xesús Alonso Montero. Cada un deles profundou en distintas facetas do homenaxeado, desde a de xuíz e avogado de prestixio ata a literaria.

ROSALÍA DE CASTRO

HOMENAXE LITERARIA E MUSICAL

CO GALLO DO 180 ANIVERSARIO DO SEU NACEMENTO

O 22 de febreiro, nas vésperas do 180 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a Academia celebrou un acto literario e musical no que se estableceu un diálogo entre a poesía de Rosalía e a música e os versos de hoxe. Roi Casal, acompañado de Silvia Ferre, converteu varios dos seus poemas en cancións e Ánxeles Penas, Rosalía Fernández Rial e os académicos Marilar Aleixandre, Luz Pozo e Salvador García-Bodaño recitaron versos da escritora e outros propios na súa honra.



Cantante hai, Galicia,
Na lingua galega,
Conceito dos males,
Alivio dos perais.

—

Cal ela ningunha
Tan doce qual canta
Soledades amargas
Suspiros amantes,
Misterios do tardío
Murmuras do noite,
Cantante hai, Galicia,
Na beira dos fontes,
Cantares galegos (1863)

ROSALÍA DE CASTRO
Homenaxe literaria e musical da Real Academia Galega
co gallo do 180 aniversario do seu nacemento

Recitador: Rosalía F. Rial
Ánxeles Penas
Marilar Aleixandre
Salvador García-Bodaño
Luz Pozo Garza

Actuación musical de Roi Casal

Martes, 22 de febreiro de 2017, ás 19:30 horas
Salón de actos da Real Academia Galega
Taboas, 11. A Coruña

REAL ACADEMIA GALEGA XUNTA DE GALICIA

Entrada libre e gratuita vía computer afons. Imprescindible retirar cartón na sala da Real Academia Galega



Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Silvia Ferre, Xesús Alonso Montero, Roi Casal e Víctor F. Freixanes tras a homenaxe. Real Academia Galega.

HOMENAXE LITERARIA E MUSICAL Á POETA LUZ POZO GARZA NO SEU 95 ANIVERSARIO

O día 21 de xullo o salón de actos da Real Academia Galega acolleu unha homenaxe a Luz Pozo Garza con motivo do seu noventa e cinco aniversario.

Marilar Aleixandre, Xosé Luís Franco Grande, Manuel Rivas, Xosé María Álvarez Cáccamo, Pilar Pallarés, Eva Veiga, Olga Patiño, Yolanda Castaño e Olga Novo recitaron poemas de *Concerto de outono* (1981), *Prometo a flor de loto* (1992), *As arpas de Iwerddon* (2004) e *Rosa tántrica* (2016).



Luz Pozo Garza, no centro da imaxe, posa cos membros da Academia e as persoas que participaron no programa do acto de homenaxe que se lle rendeu polo seu 95 aniversario. Xosé Castro (fotógrafo). Real Academia Galega.

O volume *Un pozo de luz*, coordinado por Olivia Rodríguez, recolle os textos recitados así como as olladas sobre a obra de Luz Pozo Garza que achegaron o poeta e director da Cátedra Valente de Poesía e Estética, Claudio Rodríguez Fer, e o académico Xesús Alonso Montero, e os tres poemas da homenaxeada dedicados a Rosalía de Castro que foron interpretados, sobre a partitura creada para eles, polo compositor e profesor violinista da Orquestra Sinfónica de Galicia Gabriel Bussi, na voz da soprano Patricia Rodríguez Rico acompañada do Quinteto Cimarón.

ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES: O CANTOR DO BIERZO

Os días 15, 16 e 17 de setembro desenvolveuse en Ponferrada, Vilafranca do Bierzo e Cacabelos o *Simposio do Bicentenario / XI Xornadas de Autor IEB*. *Antonio Fernández Morales: o cantor do Bierzo*, organizado pola Real Academia Galega, o Instituto de Estudios Bercianos (IEB) e a Comisión Cultural Martín Sarmiento.

O programa foi coordinado polo académico correspondente Héctor Silveiro:

15 de setembro – Ponferrada

19:00 h. Inauguración da exposición do Instituto de Estudios Bercianos: “Antonio Fernández Morales”

19:45 h. Conferencia inaugural
“Unha nova visión da vida de Antonio Fernández Morales”. José A. Balboa de Paz

20:45 h. Intervención musical
Carmen Penim e Maurizio Polsinelli

16 de setembro – Vilafranca do Bierzo

10:15 h. Conferencias. Presenta e modera:
Henrique Monteagudo

“O dialecto do Bierzo, o galego no Bierzo”. Rosario Álvarez
“Tradiciois, terra e identidade na obra de Morales”. Héctor M. Silveiro
“Morales no Rexurdimento”. Anxo Angueira

13:00 h. Inauguración da exposición “Antonio Fernández Morales e o galego no Bierzo”, no claustro de San Nicolás o Real

17:00 h. Comunicacóns. Presenta e modera: Héctor M. Silveiro
“Unha achega ao léxico de Fernández Morales”. Andrea Castelo Veiga
“O redescubrimento de Fernández Morales”. Xosé Henrique Costas
“Rítmica e musicalidade nos poemas de Antonio Fernández Morales”.
Carmen Penim e Maurizio Polsinelli



17 de setembro de 2017 – Cacabelos – Museo Marca

11:00 h. Comunicacións

“A poesía en Fernández Morales”. José Luís Puerto

“Utensilios musicais”. Héctor Luís Suárez

“Cartas inéditas de Antonio Fernández Morales”.

Javier Fernández Llamazares

Clausura

Recital poético por Anxo Angueira.

Ofrenda floral no cemiterio da Edrada de Cacabelos ante a tumba de Antonio Fernández Morales coa intervención musical da Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo.



O académico Héctor Silveiro e José A. Balboa de Paz na conferencia inaugural. Real Academia Galega.



Exposición sobre Fernández Morales e o galego no Bierzo no Claustro de San Nicolás o Real de Vilafranca do Bierzo. Real Academia Galega.




Manuel González Prieto recita versos de Antonio Fernández Morales ante a súa tumba en Cacabelos. Real Academia Galega.

II XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA OS NOMES E OS APELIDOS. ASPECTOS LEGAIS, SOCIAIS E LINGÜÍSTICOS

O día 30 de setembro desenvolveuse no Museo de Pontevedra a *II Xornada de Onomástica Galega*, baixo o título *Os nomes e apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos*. A Real Academia Galega organiza o programa, coordinado polas académicas correspondentes Ana Boullón e Luz Méndez, coa colaboración da Deputación de Pontevedra e o Museo de Pontevedra.

O programa da xornada foi o seguinte:

9:30 h. Inauguración



Aspectos legais: a onomástica persoal no Rexistro Civil e os procedementos para restituír a forma estandarizada. Datos, problemas e solucións.

10:00 h. “Aspectos xurídico-substantivos da restitución de nomes e apelidos á forma galega: normativa e criterios de aplicación”. Consuelo Castro Rei, avogada do Estado

10:40 h. “Rexistro Civil: a súa acomodación ás particularidades lingüísticas propias do galego”. Encarna Dasi Dorelle, maxistrada do xulgado nº 1 de Caldas, encargada do rexistro civil

Aspectos lingüísticos: grao de conservación e de deturpación no corpus moderno. Criterios para a restitución das formas normalizadas.

12:00 h. “Continuidade e variación na transmisión dalgúns apelidos galegos”. Gonzalo Navaza, profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo

12:30 h. “O Dicionario dos apelidos galegos e a restitución das formas galegas: tratamento dos apelidos e propostas”. Ana Boullón, profesora da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

A normalización lingüística. Estratexias para a difusión social das formas estandarizadas. A antroponimia e a identidade persoal e colectiva. O papel dos centros de ensino e dos servizos de normalización lingüística.

16:00 h. “Proposta de campaña desde a Administración de xustiza para recuperarmos a nosa onomástica”. Anxos Sobriño, presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

16:40 h. “A normalización da antroponimia nos centros de ensino”. Valentina Formoso, profesora do IES Félix Muriel de Rianxo

Os medios de comunicación e a literatura: os nomes propios na ficción literaria e a audiovisual.


18:00 h. Pautas para a elección dos nomes dos personaxes. Mesa redonda.

Moderadora: Marga Pazos, xornalista da Televisión de Galicia

Participantes: Xosé María Lema, novelista, e Xosé Castro ‘Pato’ e Araceli Gonda, guionistas

20:00 h. Clausura.

Os sete traballos presentados neste encontro poden lerse nun volume da Sección de Lingua que tamén reproduce as intervencións e o posterior debate da mesa redonda sobre os nomes propios na ficción coa que rematou o programa¹.



Cuberta da publicación.



O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal, e Ana Boullón, coordinadora do programa, inaugurando a II Xornada de Onomástica Galega Real Academia Galega.

¹ A publicación está dispoñible na páxina web da Academia: https://academia.gal/documents/10157/704901/Estudos+de+Onomastica+Galega+II_Os+nomes+e+apelidos.pdf.

CONMEMORACIÓN DOS 110 ANOS DA ESTREA DO HIMNO GALEGO NA HABANA

O 20 de decembro de 2017 no salón de actos da Real Academia Galega desenvolveuse un acto conmemorativo co gallo do 110 aniversario da estrea do Himno na Habana, organizado polo Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses. Contou coas achegas sobre distintos aspectos do Himno do musicólogo e académico correspondente Fernando López-Acuña e do historiador e académico de número Ramón Villares. A parte musical correu a cargo de Queiman e Pousa.



Pola esquerda, o gaiteiro Andrés Lorenzo, a cantante Andrea Pousa, o musicólogo e académico correspondente Fernando López-Acuña, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, o director do Instituto José Cornide, Xosé Fraga, o historiador e académico Ramón Villares e Queiman. Real Academia Galega.

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓN

19 de xaneiro de 2017. Presentación da obra *De Roma ata Lixboa. Estudos sobre os cancioneiros galego-portugueses* na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa. Este volume, edición da Real Academia Galega en colaboración coa Universidade de Lisboa, e a cargo de Henrique Monteagudo, de João Dionísio e de Maria Ana Ramos recolle trinta traballos da investigadora portuguesa Elsa Gonçalves sobre lírica trobadoresca, publicados entre 1976 e 2016. No acto interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o decano da Facultade, Paulo Farmhouse Alberto e Henrique Monteagudo.

19 de xaneiro de 2017. O Arquivo da Real Academia Galega estrea o acceso dixital ao seu catálogo dentro do proxecto Arquivo Dixital de Galicia (ARPAD), promovido polo Servizo Xeral de Arquivos da Xunta de Galicia. A RAG activou na súa páxina, academia.gal, unha ligazón (<http://academia.gal/arquivo-fondos>) á web da devandita ferramenta, que dá acceso a máis de trinta mil documentos vinculados á historia de Galicia desde o século XI ata a actualidade. Este servizo en liña ofrece ademais copias dixitais de case 3.750 destes documentos.

25 de xaneiro de 2017. Presentación do número 376 do *Boletín da Real Academia Galega*, dedicado a Xosé Filgueira Valverde. O acto tivo lugar no Museo de Pontevedra e contou coas intervencións do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; o director do Museo de Pontevedra, Xosé Carlos Valle; o presidente da Fundación Filgueira Valverde e fillo do escritor, Fernando Filgueira; a profesora da Universidade de Vigo María M. Álvarez Lires e o deputado provincial de Cultura Xosé Leal Fariña.

1 de febreiro de 2017. Presentación da obra *Onde ferve o amor por Galiza. Correspondencia do galeguismo exterior con Sebastián Martínez-Risco (1942-1977)*, edición ao coidado do profesor da Universidade da Coruña Xosé Ramón Freixeiro Mato publicada pola Deputación da Coruña. O acto tivo lugar na sede da RAG, nunha rolda de prensa na que o investigador estivo acompañado polo presidente da Academia, Xesús Alonso Montero; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín e a actriz Isabel Risco, neta de Martínez-Risco.

13 de febreiro de 2017. Presentación da programación do Ano Carlos Casares. O acto tivo lugar na Cidade da Cultura e, entre outros, asistiron o presidente da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares Mouriño; o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez; o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero e o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz.

15 de febreiro de 2017. Presentación do libro *Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización*. O acto desenvolveuse na sede da Real Academia Galega e nel estiveron presentes o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o presidente da Academia, Xesús Alonso Montero; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García e o secretario da Academia, Henrique Monteagudo. A académica correspondente Ana Isabel Boullón, coordinadora do equipo que realizou o traballo dentro do Seminario de Onomástica da RAG, tamén interveu a través de videoconferencia.

1 de marzo de 2017. Presentación do cupón da ONCE do 9 de marzo, dedicado a Eduardo Pondal, en conmemoración do centenario do seu pasamento. O presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, acompañou na presentación o delegado territorial da ONCE en Galicia, Manuel Martínez Pan; o presidente da Fundación Eduardo Pondal e alcalde de Ponteceso, Xosé Lois García Carballido; o xerente da Fundación, José María Varela Martínez e o presidente do consello territorial da ONCE en Galicia, Carlos Fernández Lamigueiro. O acto celebrouse na Real Academia Galega.

3 de marzo de 2017. Doazón das cartas escritas desde o cárcere por José Mejuto Bernárdez e Amador Domínguez Paz, ambos vítimas da represión franquista. Os 17 orixinais manuscritos de Amador Domínguez Pan (Cambre 1916 - A Coruña 1949), agarrado no cárcere coruñés, e outras catro cartas da súa familia relacionadas con el, foron entregados polo seu curmán segundo Tomás Rodríguez Mosquera, que, en representación da familia, estivo acompañado por Fernando Souto Suárez, presidente da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña, e o historiador Bernardo Máiz. As 34 cartas de José Mejuto Bernárdez (Vigo 1907 - Pontevedra, 1937), que morreu fusilado, foron entregadas por Olivia Rodríguez, quen leu unha emotiva carta da súa neta, Ana Paula Mejuto, residente en Buenos Aires. O acto de entrega tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

9 de marzo de 2017. Presentación no Museo de Pontevedra de *Toponimia de Agolada e Estudos de Onomástica Galega. Microtoponimia: experiencias de recolla, didáctica e codificación*. No acto interviñeron Luz Méndez, autora de *Toponimia de Agolada*, membro de AGON, académica correspondente e natural de Agolada; Gonzalo Navaza, representante da AGON; Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega e Xosé Leal, deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra.

14 de marzo de 2017. A Fundación Barrié e a Real Academia Galega presentaron en rolda de prensa *Rosalía de Castro. Autógrafos poéticos*. A obra foi dada a coñecer nun acto no que interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, o presidente da Fundación Barrié, José M^a Arias Mosquera, e o

secretario da RAG e responsable da edición, Henrique Monteagudo. O acto tivo lugar na sede da Real Academia Galega.

16 de marzo de 2017. Acto de presentación do legado testamentario de José Alberte Corral Iglesias polo que doa á Academia os seis mil volumes da súa biblioteca persoal. Na sede da Real Academia Galega, acompañado da súa dona, Dores Valcárcel Guitián, e do presidente da RAG, Xesús Alonso Montero, o doador fixo entrega simbólica dunha pequena mostra da doazón.

17 de marzo de 2017. Presentación de *Cervantes e o Quixote. A invención do humorismo*, ensaio obra de Siro López e publicado en Cadernos do Ramón Piñeiro. No acto celebrado na sede da RAG, ademais do autor estiveron presentes Manuel González González, Xesús Alonso Montero e Valentín García Gómez.

20 de abril de 2017. Paul Bilbao, secretario xeral do Kontseilua, entidade responsable da comisión de seguimento do Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos; a profesora Pilar García Negro, membro do comité científico do documento; e Marcos Maceira e Xela Armas, presidente e responsable comarcal na Coruña da Mesa pola Normalización Lingüística, visitaron a Real Academia Galega para lle presentar ao presidente da institución, Víctor F. Freixanes, o *Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos*. Ademais de polo presidente da RAG, foron recibidos pola tesoureira, Marilar Aleixandre, e a arquiteira-bibliotecaria, Fina Casalderrey.

21 de abril de 2017. A biblioteca da Real Academia Galega celebrou o Día Internacional do Libro cunha mostra dos libros históricos de viaxes a Galicia que custodia nos seus fondos. A escolma puido verse ata o 28 de abril,

4 de maio de 2017. Visita oficial do presidente da RAG ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo. Na xuntanza, celebrada en San Caetano, tamén participaron o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e os membros da comisión executiva da Academia Henrique Monteagudo, Fina Casalderrey e Andrés Torres Queiruga.

8 de maio de 2017. Reunión da executiva da Real Academia Galega co presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, no Pazo do Hórreo.

12 de maio de 2017. Presentación do cupón da ONCE do 17 de maio, dedicado a Carlos Casares. O cupón foi presentado na sede da RAG, nun acto no que interviñeron o seu presidente, Víctor F. Freixanes; Håkan Casares Berg, administrador da Fundación Carlos Casares e fillo de Carlos Casares; Manuel Martínez Pan, delegado territorial da ONCE Galicia, e Carlos Fernández Lamigueiro, presidente do Consello Territorial da ONCE Galicia.

15 de maio de 2017. Presentación de *Carlos Casares. O neno que quería xogar co mundo*, a biografía sobre o protagonista do Día das Letras Galegas de 2017 que asina Antón Riveiro Coello e edita La Voz de Galicia. Xunto ao autor, na mesa de presentación do libro tamén estiveron o director de *La Voz de Galicia*, Xosé Luís Vilela, o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes e Christian Casares, fillo de Carlos Casares e delegado de *La Voz de Galicia* en Pontevedra. O gaiteiro Carlos Núñez puxo a nota musical coa interpretación da canción Mister Coruña e o Himno galego.

1 de xuño de 2017. O presidente e o secretario da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo, recibiron na sede da institución os seus homólogos da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez Iglesias e Mercedes Queixas, co gallo de establecer novas liñas de colaboracións entre ambas as entidades.

1 de xuño de 2017. Encontro do presidente Víctor F. Freixanes e o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, co presidente, a vicepresidenta e vicesecretaria da Asociación Irmáns Suárez Picallo, Francisco Pita, Marisa Naveiro e Rexina Basadre e as concelleiras de Cultura e Benestar Social de Bergondo, Patricia Vázquez e Begoña Calviño. O tema tratado foi a organización dunha homenaxe a Filomena Dato Muruais.

5 de xuño de 2017. Visita oficial do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, á Deputación de Lugo. Na xuntanza mantida no Pazo de San Marcos entre Víctor F. Freixanes e Darío Campos Conde, presidente da Deputación, tamén participaron o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e a deputada de Cultura, Pilar García Porto.

17 de xuño de 2017. Plenario ordinario da Real Academia Galega onde se escolleu a María Victoria Moreno como personalidade literaria a homenaxear no Día das Letras Galegas de 2018. Na mesma sesión tamén se nomeou académica de honra a Marina Mayoral e académicos e académicas correspondentes a Takekazu Asaka, Marcos Bagno, Olga Castro, Helena González, Kirsty Hooper, Helena Villar Janeiro e Helena Zernova.

22 de xuño de 2017. Visita oficial do presidente e o secretario da RAG, Víctor F. Freixanes e Henrique Monteagudo, á Deputación de Ourense. Alí encontráronse co seu presidente, Manuel Baltar.

23 de xuño de 2017. Sinatura de convenio de colaboración entre a RAG e a consellería de Cultura, celebrada en San Caetano polos responsables de ambas as institucións. No acto participaron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, acompañados polo secretario da

RAG, Henrique Monteagudo, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

3 de xullo de 2017. Inauguración da XXX edición dos Cursos de lingua e cultura *galegas Galego sen fronteiras*. Na inauguración, celebrada na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, xunto ao presidente da RAG, tamén lles deron a benvida o secretario da RAG e codirector dos cursos, Henrique Monteagudo; o director do ILG, Ernesto González Seoane; a vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo, María do Carme Silva Domínguez; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; e a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín.

6 de xullo de 2017. Entrevista do presidente da Academia Víctor F. Freixanes co alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro. O encontro produciuse no Pazo de María Pita.

11 de xullo de 2017. Encontro do presidente e do secretario da RAG co vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

14 de xullo de 2017. Visita oficial á Deputación da Coruña. No encontro, Víctor F. Freixanes, Valentín González Formoso e Goretti Sanmartín Rei puxeron en común distintas liñas de colaboración para contribuír a afortalar o futuro da lingua e a cultura galegas. Participaron tamén o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, e a tesoureira, Marilar Aleixandre.

24 de xullo de 2017. Clausura da XXX edición dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras*, celebrada no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela. O acto rematou cun concerto conmemorativo a cargo de dúas intérpretes nipoas, Miho Haga e Yukiko Yamagami, presentadas polo profesor Takekazu Asaka, no que soaron poemas de Rosalía ou Cabaniñas. Ademais do presidente da RAG interviñeron o reitor da USC, Juan Viaño, o codirector dos cursos e membro de número da RAG, Xosé Luís Regueira, o secretario do ILG, Francisco Dubert, e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García. O acto concluíu coa entrega de diplomas aos oitenta estudantes procedentes de Alemaña, Austria, Brasil, Reino Unido, Canadá, República Checa, Chile, Croacia, Cuba, Estados Unidos, Hungría, India, Italia, México, Polonia, Romanía, Portugal, Ucraína, Xapón e doutras autonomías do Estado español.

12 de setembro de 2017. Homenaxe a Fanny Garrido no centenario do seu pasamento. A Consellería de Cultura organizou esta homenaxe na sede da Real Academia Galega, institución da que a escritora e tradutora Fanny Garrido foi membro correspondente. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, presentaron o acto, que se completou cunha pequena mostra do Fondo Marcial del Adalid, doado pola filla do músico e a

autora homenaxeada á Academia. A continuación desenvolveuse unha conversa entre Isabel Bugallal (xornalista) e Laura Touriñán Morandeira (musicóloga especialista na vida e obra de Marcial del Adalid. O acto finalizou cun concerto de Susana de Lorenzo (soprano) e Alejo Amoedo (piano).

21 de setembro de 2017. Visita á Real Academia Galega do alumnado do instituto arxentino galego Santiago Apóstolo. O presidente da institución, Víctor F. Freixanes, o secretario, Henrique Monteagudo, e a arquiteira-bibliotecaria, Fina Casalderrey, recibiron os alumnos e alumnas, acompañados dos profesores Sandra Vázquez e Renato Sanguinetti.

4 de outubro de 2017. A Real Academia Galega recibiu a visita de Manuel Losa Rocha, unha das personalidades destacadas na difusión da cultura galega en Uruguai. O presidente da institución, Víctor F. Freixanes, foi o encargado de darlle a benvida ao escritor. O autor, acompañado da súa dona, Elsa Duarte, dedicou á RAG un exemplar da obra *De Compostela y el Camino de Santiago*, publicada no selo Mar Maior, creado por Galaxia.

3 de outubro de 2017. O presidente da Real Academia Galega impartiu a conferencia inaugural do *XIX Simposio Pondaliano*. Nesta mesma xornada, presentouse o novo volume da colección Antoloxías da Academia, *Eduardo Pondal. Os cantos eran da Patria (120 poemas)*, unha edición de Manuel Ferreiro dedicada aos versos de Pondal. O *XIX Simposio Pondaliano*, organizado pola Fundación Eduardo Pondal, coa que colabora a Real Academia Galega, desenvolveuse todos os martes do mes de outubro na sede da Fundación, na aldea do Couto de Ponteceso.

6 de outubro de 2017. Rafael de Castro García fixo entrega ao Arquivo da Academia das súas traducións ao galego da tetraloxía das *Memorias do marqués de Bradomín*, de Valle-Inclán: *Sonata de outono* (1902), *Sonata de estío* (1903), *Sonata de primavera* (1904) e *Sonata de inverno* (1905).

10 de outubro de 2017. *XIX Simposio Pondaliano*. O académico Ramón Villares participou, xunto a Antonio Raul de Toro Santos, nunha mesa redonda sobre o celtismo en Pondal.

17 de outubro de 2017. A Real Academia Galega recibiu en doazón material léxico autógrafo do *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares. O presidente da institución, Víctor F. Freixanes, o secretario da RAG, Henrique Monteagudo, os doadores María José e Crisanto Sanmartín Martínez, o musicólogo Javier Jurado e o académico Antón Santamarina, membro do Seminario de Lexicografía da RAG, presentaron en conferencia de prensa o manuscrito, posiblemente parte do material autógrafo que levou á imprenta do Seminario Conciliar onde se imprimiu a obra

17 de outubro de 2017. *XIX Simposio Pondaliano*. O secretario da RAG, Henrique Monteagudo, ofreceu unha conferencia sobre Carlos Casares, o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

24 de outubro de 2017. Sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e a Academia. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o deputado de Relacións Institucionais da Deputación, Álvaro Santos Ramos, asinaron o convenio nun encontro no Pazo de San Marcos, no que tamén participou a tesoureira da Academia, Marilar Aleixandre.

24 de outubro de 2017. A académica e tesoureira da institución Marilar Aleixandre participou no *XIX Simposio Pondaliano*, cun recital poético.

27 de outubro de 2017. A Real Academia Galega recibiu a doazón do arquivo persoal do pintor, escritor e académico correspondente Tomás Barros Pardo (Toledo 1922 - A Coruña 1986). Os fillos do autor e doadores, Araceli e Tomás Barros Cao, presentaron a doazón na sede da RAG, acompañados polo académico Xesús Alonso Montero e o presidente, Víctor F. Freixanes.

7 de novembro de 2017. *Xornadas Carlos Casares*. A Fundación Carlos Casares, en colaboración coa Real Academia Galega, inaugurou no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense as *Xornadas Carlos Casares* cunha mesa redonda e unha conferencia. Na presentación das Xornadas participaron o presidente da Fundación e irmán do escritor, Xavier Casares, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. Na mesa redonda, moderada por Afonso Vázquez Monxardín, estiveron presentes a xornalista Maribel Outeiriño, o escritor Luís González Tosar e o investigador Xosé Manuel Salgado. A continuación Bieito Iglesias impartiu unha conferencia.

9 de novembro de 2017. *Xornadas Carlos Casares*. O presidente da Fundación Carlos Casares, Xavier Casares, o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Vigo, Abel Caballero, inauguraron a xornada que se desenvolveu na Casa Galega da Cultura de Vigo. A xornalista María Xosé Porteiro moderou unha mesa redonda na que interviñeron o director xeral de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado, o responsable de produción da Editorial Galaxia, Xosé Soutullo, o escritor e tradutor Francisco Xavier Senín e o académico Xesús Alonso Montero.

13 de novembro de 2017. Visita do presidente de Afundación á Real Academia Galega. Miguel Ángel Escotet, acompañado polo seu director xerente, Pedro Otero, coñeceu a Real Academia Galega durante unha visita de cortesía na que foron recibidos polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes, e o secretario, Henrique Monteagudo.

5 de decembro de 2017. Sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Real Academia Galega. O convenio foi asinado polo presidente da institución, Víctor F. Freixanes, e a vicepresidenta da Deputación da Coruña e responsable da área de Cultura, Goretti Sanmartín Rei.

14 de decembro de 2017. O profesor da Universidade da Coruña Manuel Ferreiro Fernández impartiu a conferencia “Eduardo Pondal, poeta na Coruña” na Biblioteca Municipal de Estudos Locais, nun acto organizado en colaboración da Real Academia Galega e o Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.

21 de decembro de 2017. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, mantiveron un encontro no que abordaron a posibilidade de colaborar para impulsar a recuperación e divulgación da toponimia.

29 de decembro de 2017. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde de Pontevedra, e Carmen Fouces, concelleira de Cultura, recibiron a executiva da Real Academia Galega para establecer o primeiro marco das conmemoracións do ano M.^ª Victoria Moreno. Por parte da RAG, xunto ao presidente tamén acudiron á xuntanza o secretario, Henrique Monteagudo, e a tesoureira, Marilar Aleixandre.



Xosé Ramón Freixeiro Mato, Xesús Alonso Montero, Goretti Sanmartín, Isabel Risco e Henrique Monteagudo na presentación de *Onde ferve o amor por Galiza*. 1 de febreiro de 2017. Real Academia Galega.



Xesús Alonso Montero, Luz Méndez, Gonzalo Navaza e Xosé Leal na presentación aos medios das dúas publicacións sobre toponimia. 9 de marzo de 2017. Real Academia Galega.



Bernardo Máiz, Tomás García Rodríguez, Xesús Alonso Montero, Olivia Rodríguez e Fernando Souto Suárez na doazón das cartas de José Mejuto e Amador Domínguez. 3 de marzo de 2017. Real Academia Galega.



Presentación do *Protocolo para a Garantía dos Dereitos Lingüísticos*. Na imaxe, Xela Armas, Fina Casalderrey, Víctor F. Freixanes, Pilar García Negro, Marcos Maceira, Marilar Aleixandre e Paul Bilbao. 20 de abril de 2017. Real Academia Galega.



Homenaxe a Filomena Dato. Marisa Naveiro, Begoña Calviño, Víctor F. Freixanes, Patricia Vázquez, Rexina Basadre, Francisco Pita e Henrique Monteagudo. 2 de xuño de 2017. Real Academia Galega.



O alumnado dos Cursos de lingua e cultura galegas *Galego sen fronteiras* nun convivio celebrado no parque de Bonaval. 12 de xullo de 2017. Real Academia Galega.



Homenaxe a Fanny Garrido. Mostra do Fondo Marcial del Adalid no vestíbulo da rúa Tabernas. 12 de setembro de 2017. Real Academia Galega.



Víctor F. Freixanes, Tomás e Araceli Barros Cao, doadores do arquivo de Tomás Barros á RAG, e o académico Xesús Alonso Montero. 27 de outubro de 2017. Real Academia Galega.

ACTIVIDADES DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN

1 de febreiro de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “*Los Pazos de Ulloa* traducida ao xaponés”, coa presenza de Eizo Ogusu, profesor da Universidade de Meiji, Tokio, e tradutor da novela.

16 de febreiro de 2017. Os alumnos do Estudio de Teatro CasaHamlet estrearon na Casa-Museo o espectáculo *Ten medo do crepúsculo*, un traballo sobre textos de Celso Emilio Ferreiro, Manuel Lourenzo ou Bram Stoker, entre outros.

2 de marzo de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “Isabel Zenda. A nai de todas as vacinas”, coa presenza de Antonio López, xornalista.

7 de marzo de 2017. Presentación do número 11 da revista *La Tribuna. CADERNOS DE ESTUDOS DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN*. No acto, celebrado na sede da Real Academia galega, estiveron presentes o director da revista, o académico Xosé Ramón Barreiro Fernández; María del Carmen Colmeiro Rojo, condesa de Pardo Bazán; Xesús Alonso Montero, presidente da RAG e Cristina Patiño Eirín, secretaria da publicación. Eizo Ogusu, tradutor de *Los pazos de Ulloa* ao xaponés, interveu por videconferencia.

13 de marzo de 2017. Inauguración da exposición *Do gris ao violeta. Achegas á historia das mulleres de Pontevedra*. A mostra, organizada polo Concello de Pontevedra, incluía doce paneis con textos e fotografías que recollían a labor das mulleres traballadoras que resistiron ante a represión imposta pola ditadura. Na presentación interviñeron Xosé Luís Bará Torres, concelleiro de Mobilidade e Patrimonio histórico de Pontevedra, e Montse Fajardo, escritora e autora de *Matriarcas* e *Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*. A exposición mantívose na Casa-Museo até o 24 de marzo.

16 de marzo de 2017. Presentación do libro *Biografía canalla de Emilia Pardo Bazán* (Oberón, 2016). O acto contou coa presenza da súa autora, Ana Martos.

20 de marzo de 2017. Conferencia “A represión sobre as mulleres tras o golpe de estado do 36”, da xornalista e escritora Montse Fajardo.

6 de abril de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “Eugenia Osterberger. Compositora galega”, coa presenza de Beatriz López Suevos, Susana de Lorenzo e Rosario Martínez, especialistas na figura da compositora.

4 de maio de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “*El mariscal Pedro Pardo*, de Emilia Pardo Bazán. Lectura dramatizada”. Os membros do grupo teatral CasaHamlet. Aula Aberta fixo unha lectura dramatizada da obra *El mariscal Pedro Pardo*, da autoría de Pardo Bazán. A adaptación e dirección da obra correu a cargo de Santiago Fernández. O elenco de actrices e actores estivo formado por Jose M.

Carballo, Mónica Carballo, Pedro Leiras, Rafael Enríquez, Santiago Fernández, Ana Sánchez, Concha Pardo, Daniel Loncán, Diana López, Giuliano Ancelotti e Iago Rego.

20 de maio de 2017. Día Internacional dos Museos. Baixo o lema “Dicir o indíxible” celebrouse unha xornada que partiu da convocatoria de todos os colectivos sociais da cidade para que fixesen uso do espazo do museo como altofalante dos seus discursos. Dende o serán ata a medianoite a Casa-Museo encheuse de poesía, de teatro, de música, de maxia, de denuncias, de monólogos... A xestora cultural Carmen Grimaldi foi a encargada de ordenar todas as voces para que fosen audíbles. O programa de actividades da xornada foi o seguinte:

20:00 h.

Ana Fernández e Giuliano Lancelotti “A noite dos teatros”, diálogo
Concha Pardo “A estrela perdida do teatro”
Malala Ricoy, maxia cómica
Iria Anido, poesía

21:00 h.

Mónica Izquierdo “Poema saudade”
Víctor Grande, cómico e zurdo
Roberto Rilo, presidente da Asociación de Ciclistas Crunia
Feli López e Giuliano Lancelotti “Volpone”

22:00 h.

Ana Sánchez e Rafa Enríquez “Candidato”
Malala Ricoy, monólogo
Víctor Grande, cómico e zurdo
Adrián Martínez “Discurso e sorte do coello”

23:00 h.

María Nieto, xerente de Clubcultura
Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo
Carlos Bau, concerto

00:00 h.

A hora dos espíritos. Convocatoria das almas perdidas que habitan o museo.

1 de xuño de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “O Pazo de Meirás”, coa presenza de Carlos Babío, investigador da historia do Pazo de Meirás.

6 de xuño de 2017. Visita do alumnado do IES Cañada Blanch, de Londres, que veu á Coruña a través do proxecto educativo-cultural “Galego en Londres”.

7 de setembro de 2017. Sinatura dun convenio de colaboración entre a Real Academia Galega e a corporación Marineda City para a difusión da vida e obra de

Emilia Pardo Bazán. O acordo permitirá celebrar unha velada cultural anual de homenaxe á autora, crear dous premios literarios e un premio de fotografía. Marineda City comprométese ademais a seguir avanzando na promoción da lingua galega a través das actividades que desenvolve, da sinalética etc. Na sinatura do convenio estiveron presentes a conservadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Xulia Santiso; a xerente de Marineda City, Ana López; o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e a académica coordinadora da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, Fina Casalderrey.

7 de setembro de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “As Marinedas”, coa presenza de Víctor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega, e José Manuel González Herrán, catedrático de literatura española e académico correspondente. O faladoiro versou sobre as cidades literarias no imaxinario de autores e autoras na historia da literatura.

29 de setembro de 2017. I Velada Homenaxe. 166 Anos con Emilia Pardo Bazán. Froito do convenio asinado pola Real Academia Galega e Marineda City, o venres 29 de setembro, na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán tivo lugar a primeira velada en homenaxe á escritora coruñesa, con motivo da celebración do seu 166 aniversario. O acto, conducido por Fina Casalderrey, abriu cunhas palabras de benvida do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e de Ana López, xerente do espazo comercial patrocinador da velada. A continuación, Xulia Santiso deu paso á actuación de De Vacas. O grupo musical estreou para a ocasión unha versión do tema “A Vannes”, composto por Michel Jonasz e popularizado nos anos 70 por François Hardy, con letra que rende homenaxe a Emilia Pardo Bazán. Na parte literaria interviñeron as académicas Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Olivia González, a escritora Estíbaliz Espinosa, Xan Arias, da editorial Trifolium, e Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo. No transcurso da velada o cocifeiro Iván Domínguez, do restaurante coruñés Alborada, reinterpretou unha serie de receitas que achegou Emilia Pardo Bazán en *La cocina española antigua* e *La cocina española moderna*, e agasallou os presentes cuns petiscos elaborados para a ocasión.

5 de outubro de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “Prácticas de resistencia e narrativas transmedia”, coa presenza de Uqui Permui, directora creativa no estudo multidisciplinar de deseño e comunicación visual uqui.net e socia fundadora da asociación galega de deseñadoras DAG.

10 de outubro de 2017. Visita á Casa-Museo das participantes na xornada *D-Xenera. Desmontando a desigualdade de xénero*, organizada no marco do programa “Iniciativa Xove” da Xunta de Galicia, que contou coa colaboración do Concello da Coruña e Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.

30 de outubro de 2017. “Poeta niña”, de Gabriela González López, sesión de teatro poético dirixido a nenos e nenas entre 6 e 10 anos. Arredor de 50 alumnos e alumnas de 4º de primaria do Colexio Dominicos, situado na Cidade Vella da Coruña, gozaron do espectáculo teatral.

2 de novembro de 2017. Os xoves da rúa Tabernas: “Equinoccios e solsticios na arte rupestre galaica”, coa presenza de José Luis Galovart, profesor, fotógrafo e especialista en petróglifos prehistóricos.

27 de novembro de 2017. Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres: “Experiencias feministas. Post-experiencia. Coñezámonos”. A Casa-Museo Emilia Pardo Bazán convocou unha xuntanza aberta de colectivos feministas, co obxectivo de coñecer e recoñecer o maior número de agrupacións da cidade, ofrecendo a posibilidade de presentar e compartir experiencias e accións levadas a cabo na busca dunha realidade igualitaria, sinalar eivas e propoñer accións comúns para procurar fins compartidos.

21 de decembro de 2017. Presentación de *Las medias rojas de Emilia Pardo Bazán*, adaptación do relato homónimo da escritora coruñesa. No acto interviñeron Marilar Aleixandre, escritora e académica, Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo, Francisco Jaureguizar e Eva Teijeiro, coordinadores da edición e profesores, e as alumnas e alumnos do IES de Quiroga, autores das ilustracións.



Fina Casalderrey, Estíbaliz Espinosa, Marilar Aleixandre, as compoñentes de De Vacas, Víctor F. Freixanes, José Manuel González Herrán, Ana López, Xulia Santiso, Guillermo Fernández e Olivia Rodríguez, na I Velada Homenaxe. 166 Anos con Emilia Pardo Bazán. 29 de setembro de 2017. Xosé Castro (fot.) Real Academia Galega.



Gabriela González López presentou o seu espectáculo “Poeta niña”. 30 de outubro de 2017. Real Academia Galega.

In memoriam

Nicandro Ares Vázquez



Foto: *El Progreso*.

Nicandro Ares (Santalla de Bóveda, 7 de xuño de 1926 - Lugo, 22 de xullo de 2017) faleceu o 22 de xullo de 2017. Membro correspondente da institución desde 2006, foi un grande estudoso da toponimia e un dos maiores especialistas no complexo monumental da súa localidade natal.

Ordenado sacerdote en 1951 e profesor do Seminario de Lugo desde 1955 ata a xubilación, foi quen de desenvolver en solitario numerosas investigacións sobre os nomes de lugares. O seu é, de feito, un nome esencial no relanzamento dos estudos de onomástica galega. No ronsel doutros eclesiásticos lucenses, profundou nesta disciplina mediante o estudo directo e manual dos documentos, centrándose fundamentalmente na diocese lucense, pero contribuíndo a clarificar a onomástica de boa parte da de toda Galicia.

A carreira como investigador de Nicandro Ares Vázquez comezou inspirada polo seu mestre Francisco Vázquez Saco. Os seus primeiros traballos, coma os del, versaron sobre asuntos de epigrafía e arqueoloxía galegas pero, malia non abandonar nunca os temas históricos, foise orientando cada vez máis cara á onomástica, sobre todo cara á toponimia, que acabou sendo o motivo principal das súas investigacións. De feito, o interese pola onomástica xa se deixaba ver no seu primeiro traballo, publicado en 1964.

Ao longo da súa vida publicou máis dun milleiros de artigos en xornais e revistas. A Real Academia Galega recolleu 178 dos traballos da súa obra toponímica, ata o momento dispersos, en dous volumes saídos do prelo en 2011 e 2013.



Xohana Torres / Laxeiro

XOHANA TORRES, UNHA CICATRIZ FUNDAMENTAL

Helena González Fernández

(Santiago de Compostela, 22/XI/1929 - Vigo, 12/IX/2017)

De Rosalía de Castro a Xohana Torres hai un baleiro fondo e desacougante. Nese tempo, coma quen di a metade da historia contemporánea, bota a andar a literatura galega entre un “adiós que me vou” e a nación de Breogán. Nas Irmandades prende nos corpos e nos escritos, popularízase e politízase a palabra en galego. Gaña en erudición e vangarda no tempo do grupo Nós. Atopa as palabras exactas para dicir a dor, o asasinato, a cuneta e a ferida aberta do exilio nas afoutas xeracións da inmediata posguerra. Son estas aportacións os fundamentos do repertorio cultural comunal, ou se o prefiren, ese fondo de armario de clásicos que compoñen un xeito de dicir e pensar a nación.

De Rosalía de Castro a Xohana Torres é o baleiro fondo o que sorprende. Nese tempo longo no que se forxan os clásicos, de Pondal a Novoneyra, para dicilo ao ferriniano xeito, a sombra rosaliana non permite que prenda ningún alcouve de escritora. Imprescindíbel, inevitábel, reivindicada por sucesivas literatas, Rosalía convértese en lectura obrigatoria e, ao tempo, en excepción, insuperábel, insalvábel. A sombra rosaliana, non a escritora nin a súa obra literaria, serven de cal vivo que impide o medre de sucesivas fornadas de escritoras. A potencia lexitimadora da escritora canónica queda coutada. Rosalía autora autorizada para mantelo, non para modelo. Sempre o seu nome por diante, mencionala daba para zafar pero non era abondo para aceptar un desexo de escrita forte que dese para proclamar: escritora, igualdade, emigración, mulleres, labregas, patria, amor, paisaxe...

De Rosalía de Castro a Xohana Torres, por dicilo seguindo a Carmen Blanco, as escritoras carecen de lexitimación para seren lidas, criticadas ou aplaudidas como iguais. E aquelas que acadan o cuarto propio, deberán enfrontarse aos prexuízos contra a muller que escribe, que o xenio, seica, nacera con nome de home. Pero nada novo digo. Todo iso está na Rosalía-manifesto.

Grosso modo, cómpre agardar á xeración de Xohana Torres, Luz Pozo Garza e María do Carmen Kruckenberg para que as poetas novas acaden o respectiño dos seus iguais. E que foi de Filomena Dato, Sofía Casanova, Francisca Herrera, Pura Vázquez, Dora Vázquez...? E que foi de María Mariño? Aquí estamos, máis unha vez, gastando o tempo na ladaíña dos nomes, imprescindible, para non esquecer

as restras da herdanza. Mais, a que tanto novelo e tanta historia? A que tanta necesidade de teimar na xenealoxía, en dicir todos os nomes? Antes de que o EU TAMEN NAVEGAR fose un lema feminista que acada a consideración de aturuxo comunal, batemos cunha evidencia: de Rosalía a Xohana Torres non hai mais que unha ponte de poldras feita cos nomes das escritoras, illadas coma as pedras deses camiños sobre o río. A historia da literatura galega pasa por elas dando chimos, sen apenas se deter. Certamente a historiografía, cos seus toxos e xestas, non tería importancia ningunha se en cada corpo –o teu, o teu, o meu– aniñase a curiosidade, a responsabilidade e a ledicia pola memoria do herdo.

Se eu fose unha feminista da década de 1970 berraría: xenealoxía, xenealoxía! Porque de Rosalía a Xohana Torres o baleiro negro é un sumario de faltas. Non hai xenealoxía de autoras nin herdanza rosaliana que valla; quero dicir, que lles valla a elas para escribir a súa experiencia de mulleres ceibas, sen marcos, sen cómaros verdes, sen vías dolorosas cravadas no corazón, sen contos de lobos, sen deuses sentados en cadeiras de calquera cor.

Elas escribiron á sombra rosaliana. Sombra que sempre asombra. Explícome, á catalana, por Maria-Mercè Marçal, poeta imprescindible do final de século en Cataluña, que tamén tirou do novelo rosaliano e reescribiu “Se o mar tivera barandas”. Marçal, afouta e positiva, coidaba que na Galicia de finais do século XX a autorización das escritoras era negociación moito máis doada que noutros eixidos nacionais. A razón: a singularidade do canon galego, que sitúa a unha muller, Rosalía, no colmeiro do canon. Cando Marçal dixó isto estaba a facer literatura comparada: a historia e a memoria da literatura catalá do seu tempo movera os marcos para deixar fóra a Caterina Albert, Aurora Bertrana, Mercè Rodoreda, Maria-Aurèlia Capmany, Montserrat Roig... Xunto coa propia Marçal e mais Carmen Riera, convidan a pensar nun fondo de armario literario que percorre o século XX, cunha forza esmagadora. Paradoxalmente, cando Marçal fala do poder rosaliano, da *potencia* rosaliana, para ser máis precisas, poida que sucumbira ao relato que o feminismo galego sementa a partir da década de 1970 e parece naturalizarse na década de 1990. A ese feminismo débémolle boa parte da Xohana Torres que nos chegou, que lemos, que aplaudimos e coa que puxemos as primeiras pedras da súa canonización. Xohana Torres foi aplaudida e respectada polos seus iguais, salvado aquel episodio que abre e pecha a súa incursión na narrativa, por mor da polémica polo premio a *Adiós María*. Mais é a parroquia feminista a que constrúe esa ponte que vai de Rosalía a Xohana co monográfico que lle dedica a revista *Festa da Palabra Silenciada* e as antoloxías de Camiño Noia, Ana Blanco, Kathleen N. March e Carmen Blanco. A escolma era daquela unha acción feminista na esfera pública furiosamente afirmativa. Agora entendemos o poder

deses mostrarios-manifesto: o legado literario das escritoras galegas ofrecíase-lles ás herdeiras, ceibas e non uniformadas; os versos pasaban dos libros aos corpos.

Coas lentes violetas vemos que no tempos de Pondal a Novoneyra nesa ponte de poldras que vai de Rosalía a Xohana Torres, as autoras illadas, ás que se chega dando chimpos, demostran que doado non foi. Porque á escritora canónica non lle abonda con ser monumento e lectura obrigatoria. A escritora canónica precisa estar dispoñíbel para o diálogo poético, para que autoras e o público lector fagan dela un pandeiro ou un marco para a escrita. Castro, Torres, Pozo..., máis que autoras son lugares, posicións, sitios desde onde pensar e dicir o mundo e o desexo como mulleres. Autoras-posición, non só porque a onomástica convide ao xogo, senón porque nelas corpo e escrita fala de posicións de resistencia que abren agra na literatura comunal. EU TAMEN NAVEGAR, bandeira e lema do feminismo galego. Cada celebración do seu verso alegra no que ten de política e desacouga no que ten de monumento. Velái o medo a que quede varada e soa como unha pedra máis na ponte de poldras. Nestes nosos tempos as academias e as casas grandes da cultura galega vanse facendo cargo dese herdo. “As mulleres sostemos a metade do ceo”, dixo Xohana Torres no seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. A metade, polo menos.

De Rosalía a Xohana Torres hai unha procura do verso exacto coma o lóstrego, e os mesmos ingredientes para poéticas distintas. Quero dicir, que hai algo de variación rosaliana na poética de Xohana, e isto non impide unha poética orixinal e afouta. Teimosamente danlles voz ás figuras da súa terra de nación: mozas e vellas, migrantes saudosos e Penélopes lañadas, paisaxe, exilio, emigración, patria. E “os círculos concéntricos da memoria”. E unha certa aprehensión polos tempos modernos. E un dar conta de como van indo a vida e o tempo nos corpos. Con Xohana Torres sumouse á agra comunal unha avoa totémica: a avoa Lola, a das roxas viñas á beira do Avia. E esoutras figuras chantadas na praia, fronte as illas Cíes. A paisaxe, sempre onda a auga, ten un arrecendo xa de tempos de ecofeminismo.

Pola súa banda, a viúva de vivo de Rosalía –que non é a matria lutuosa que logo se populariza– e Maxa, a protagonista de *Adiós María*, a novela de Xohana Torres, son dúas figuras marcadas polo trauma da emigración. Hai aí un proxecto continuado, un axeitar aos tempos a mesma figura muller/nación: a moza soa que relata o seu fracaso e, ante a imposibilidade do suicidio, acada voz propia. A viúva rosaliana, namorada do emigrante a América, dá en ser en *Adiós María* unha orfa de viva, coa nai emigrada a París. Son variacións desa muller soa que adoce por unha promesa de felicidade fanada. O contrato sentimental é o que varía. A viúva queda mancada pola imposibilidade da promesa da felicidade matrimonial, sen “casa” na nación edénica. A orfa adoce pola marcha da nai e a imposibilidade de

saír da casa e ser unha moza independente. Nin Castro nin Torres se demoran na celebración épica dos seus días. A muller e a nación que elas retratan son suxeitos fracasados, pero afirmativamente suxeito, e por iso son inaugurais. Quedan como un sumario de xerfa polos cons, como convite a seguir esta xenealoxía en tempos de migracións, de precariado, de mulleres mancadadas.

Vou cosendo o último encaixe. Finou Xohana Torres Fernández, académica, muller virada ao mar, redeira de poemas miúdos nos seus últimos anos. Amadora do teatro e a radio, autora dramática e mesmo algunha vez actriz. Rosto de ollos fascinados pola pintura e a acuarela, corpo entregado ao fado e á complicidade amiga. Atenta ás novas poetas. Grafóloga afeccionada. Finou Xohana Torres. Había tempo que habitaba o crepúsculo violeta, xebrando o íntimo do privado. Non hai acordo, nin sequera na parroquia feminista, sobre como ler o seu *mutis* polo foro da vida pública da cultura. Rexeuno con moito tento: “Estades moi equivocadas. Eu non deixei a literatura. Eu non deixei de escribir, e de ler”. Iso me dixo a primeira vez que a coñecín. A súa actividade como escritora foise recuperando e arrombando nos últimos anos. Case todo está na cartografía do Álbum de Mulleres, que fixemos Mariam Mariño, Ana Romaní e mais eu. Os textos que quedaron pendentes vainos publicando Engaiolarte, porque Xohana e o editor fixeron exercicio de adopción mutua. Finou a escritora, queda a autora, esa voz incrustada nos textos e fala con voz nova cada vez que lemos.

A necrolóxica, xénero incerto mesmo para deixar memoria de quen soubo recoñecer a beleza e a potencia do crepúsculo: “Incerta, última luz, non terás medo”. A derradeira navegación da escritora é sempre un manifesto e un desafío ao “EU TAMÉN NAVEGAR!”. Despois da necrolóxica vén a pedra, e Xohana Torres deixouna escrita:

Epitafio que si che gustaría:
Soamente é verdade a distancia do ceo.
Soamente o solpor, e esa cepa, cortada.

Elexías a Lola.